ANUNCIO: NOMEAMENTO DO PERSOAL LABORAL TEMPORAL E ESTABLECEMENTO DE LISTA DE RESERVA NO PROCEDEMENTO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE TRABALLO DE AXENTE DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN (TIC), PARA O CENTRO DE MODERNIZACIÓN E INCLUSIÓN TECNOLÓXICA (CeMIT) DO CONCELLO DE PADRÓN, EN RÉXIME DE DEREITO LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO DE MÉRITOS.

De acordo ao establecido na base duodécima das que rexen este procedemento, faise público que por Resolución do Alcalde número 402 /2011, do 17 de xuño, adoptouse o seguinte acordo:

Primeiro. Avocar a competencia para o nomeamento da persoa seleccionada para proveer o posto de traballo de axente TIC do CeMIT visto o prazo máximo para contratala establecido na cláusula segunda do Convenio de adhesión asinado por este Concello.

Segundo. Nomear persoal laboral temporal do Concello de Padrón a dona Beatriz Calvo Covas, con documento nacional de identidade número 44.832.915-G, ao ter obtido a maior puntuación no concurso de méritos convocado por Resolución do Alcalde número 278/2011, do 10 de maio, para a provisión dun posto de axente de tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) para o centro de modernización e inclusión tecnolóxica (CeMIT) do Concello de Padrón.

Terceiro. Formalizar coa nomeada contrato de traballo de duración determinada na modalidade de obra ou servizo a xornada completa nas condicións previstas nas bases que rexen este procedemento no que se deberá facer constar que a obra ou servizo obxecto do contrato é "*a prestación de servizos como Axente de tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) para o Centro de Modernización e Inclusión Tecnolóxica (CeMIT) do Concello de Padrón, integrado na Rede CeMIT da Xunta de Galicia*" sendo causa de extinción da relación contractual a supresión do servizo ou a falta de financiación por parte da Xunta de Galicia deste servizo.

Cuarto. Establecer a seguinte lista de reserva para os supostos de renuncia, non presentación da documentación relacionada na base 12.2 ou outros supostos nos que a/o aspirante seleccionado non chegue a asinar o contrato de traballo, tal e como prevé a base 12.3, e a bolsa de emprego prevista na base 13:

Nº DE ORDE	APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN
1	MOURELLE ROMERO MARGARITA	44817543 L	6,62
2	APARICIO GRANJA M. ADELAIDA	44834310 L	5,40
3	CONDE ESCALONI CRISTINA	35464757 E	4,90
4	CAAMAÑO PARDAL SERGIO	53480071 B	4,50
5	FANDIÑO MARIÑO ALBERTO	35474310 F	3,04
6	MARTINEZ BECERRA RAMON	52930128 K	2,90
7	FERNANDEZ FERNANDEZ BELEN	79327880 W	2,40
8	FRANCO PEREZ MIGUEL	52939000 S	2,28
9	BELLO FDEZ SAN MAMED M JESUS	52457628 X	1,98
10	LAREU CAJARAVILLE ALBA	44842679 Q	1,00
11	VAZQUEZ PEDROSA LIDIA	53484232 D	1,00
12	MENENDEZ MARQUES IGNACIO	32667309 H	1,00
13	TRIGO PARAMOS SILVIA	45846413 F	1,00

Quinto. A presente resolución pon fin a vía administrativa e contra a mesma poderase interpor, potestivamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Sexto. Facer público o presente acordo mediante anuncio que se publicará no Taboleiro de Anuncios da

Casa do Concello e na páxina web do mesmo e dar traslado da mesma aos servizos de Intervención-Tesourería e ao Comité de Empresa do Concello de Padrón e dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Padrón, 17 de xuño de 2011.

O Alcalde

Asdo. Antonio Fernandez Angueira.